

31 DE MAIO DÍA MUNDIAL SEN TABACO

# NON DEIXES QUE O TABACO CHE QUITE A RESPIRACIÓN

O fume do tabaco:

- Diminúe a capacidade pulmonar.
- É a principal causa de EPOC e cancro de pulmón.
- Favorece a tose crónica e a tuberculose.
- Altera o desenvolvemento pulmonar do recién nado.

**ELIXE SAÚDE** NON TABACO





Ref: Servizo de Alertas Epidemiolóxicas

Aigu/Pta

Asunto: DÍA MUNDIAL SEN TABACO 2019

De novo, o vindeiro 31 de maio celébrase o Día Mundial sen Tabaco, que neste 2019, ten como lema **“NON DEIXES QUE O TABACO CHE QUITE A RESPIRACIÓN”**. Con esta reflexión a Organización Mundial de la Salud pretende continuar sensibilizando á sociedade sobre os evidentes efectos danifios do tabaco na saúde pulmonar.

O fume procedente do tabaco, afecta entoutros, ao funcionamento do aparello respiratorio:

- ✓ Aumentando as secrecións na traquea e bronquios, favorecendo a tose crónica e as sobreinfeccións por microorganismos, como a tuberculose.
- ✓ Destruíndo a superficie dos alveolos e polo tanto dificultando o paso do aire.
- ✓ Diminuíndo a capacidade pulmonar e consecuentemente un menor rendemento físico.
- ✓ Sendo a causa principal do 90% dos casos da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, que en España ocasiona unhas 30.000 mortes anuais e tamén do 80% dos casos de cancro de pulmón, que no noso país xa representan uns 28.000 casos novos cada ano.
- ✓ Alterando o desenvolvemento pulmonar do recién nado de nai fumadora.

Reducir o consumo de tabaco e a exposición ao fume de segunda man é unha necesidade primordial para manter a adecuada saúde pulmonar;

